

O RAIO VERDE

Éric Rohmer, 1986

965

ESTREA EN NUMAX: 14.07.2022 | V.O.S.E. | TP

Quinta e penúltima parte da serie Comedias e proverbios. Delphine é unha secretaria parisina sen plans para as súas vacacións despois de que a súa amiga as cancelara no último minuto. Soa e triste, ela está decidida a viaxar. No camiño coñece a unha rapaza sueca que intenta animalala pero que só consegue acentuar a súa sensación de soidade, ata que o seu destino dá un xiro inesperado.

«Unha fermosa narración de autocoñecemento, elegante na súa simplicidade»

Tina Hassannia, INDIEWIRE



O corpo humano como reflexo da natureza

Por Karina Solórzano

Unha das ideas máis estendidas sobre o cinema de Éric Rohmer é que se trata dun cinema moi literario. A relación entre cinema e literatura fai pensar en filmes que adaptan libros ou que versan sobre a vida e a obra dos seus escritores, pero tamén nun cinema feito de maneira literaria, cunha narración, personaxes e un conflito a resolver. Con estes elementos, Rohmer dirixiu seis Contos morais (1962-1978), seis Comedias e proverbios (1989-1986) e catro Contos das estacións (1989-1998). O estilo destas obras aseméllase ao que leríamos nunha novela: hai longos diálogos arredor da filosofía de Blaise Pascal, a relixión, a moral, a soidade, o matrimonio e o desexo erótico. O literario tamén atravesou a experiencia vital de Rohmer, xa que foi profesor de literatura e xefe de redacción de Cahiers du Cinéma, onde reflexinou sobre o cinema de Howard Hawks, Frank Capra, John Ford e Alfred Hitchcock.

O eloxio clásico é vital para entender ese cinema francés que naceu na década dos sesenta. Algúns, como Jean-Luc Godard, refírense a el para reinterpretalo e transgredilo. Rohmer, pola súa banda, tomou do cinema norteamericano a linguaxe dos planos e o efecto da cámara invisible para mostrar e narrar temas atemporais nunha aposta por actualizar unha linguaxe e unha estética clásica.

(...) Os seus filmes van na busca dunha representación fiel da realidade: forma e contido son clásicos, os ángulos respectan o que vería normalmente un ollo humano e as súas historias semellan sempre apegarse a un mundo determinado. Aquí aparece un posible paradoxo: non só é poético o cinema que transgrede ou cuestiona a forma, o poético tamén se nos mostra no rexistro do cotiá.

No seu cinema pártese do gusto pola beleza. A súa mirada atravesas as estacións e detense nas relacións persoais, na luz e na natureza. É o lento e plácido transcorrer dunha frase amorosa nun tempo de lecer. Nos seus filmes, as estacións representan os diversos espazos vitais polos que transitan os seus personaxes a partir de metáforas moi habituais: o verán é a lánguida paréntese para explorar o desexo sexual mentres que o inverno é o da volta ao traballo, o ocaso e a espera.

N'*O raio verde*, a quinta entrega da serie "Comedias e proverbios", todo sucede durante as vacacións de verán. Delphine está atrapada entre París e a costa, entre a soidade, a tristura e o tedio, rematou unha relación amorosa e está á espera de que algo suceda. Azar e destino crúzanse e Delphine escoita por casualidade sobre o raio verde: unha novela de Julio Verne e un fenómeno óptico que ocorre pouco despois da posta de sol. Segundo Verne, quen ve o raio verde é quen de ter certeza dos seus sentimentos e coñecer os dos demais.

A decisión de filmar espazos abertos, como bosques e praias, permite unha curiosa proxección das buscas persoais dos protagonistas. N'*O raio verde*, o desexo de contemplar ese efecto da luz reflicte tamén as inquedanzas sentimentais da protagonista. As emocións son imaxes especulares. No filme están presentes varios elementos simbólicos relacionados co coñecemento mesmo e o azar. Delphine encontra nos seus vagabundeos un naipe na praia (un rei de corazóns) e, despois de escoitar sobre a novela de Verne, ve unha tenda de souvenirs chamada Rayon Vert. Nesas coincidencias (produtos do azar), cre estar a ver o seu destino reflexado.

Varias místicas consideran que o corpo humano é reflexo da natureza, polo que, a partir do coñecemento dun mesmo desvélanos un entendemento do todo. Na súa orixe latina, o lecer implicaba a idea de contemplación que, na práctica, conduce ao encontro con ese fermoso raio interior que busca Delphine.